RIBADAVIA
Concello

ANEXO 10. COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS DE CANALIZACIÓNS E/OU INSTALACIÓNS DE PRODUCIÓN, TRANSPORTE E DISTRIBUCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS OU TELECOMUNICACIÓNS

Expte. Nº :..... (a cubrir pola administración)

D./a.....no seu propio nome ou en representación de....., con domicilio a efectos de notificación en .....
nº ..... piso .....C.P.....do Concello de .....
provisto do DNI/NIF nº....., teléfono.....
enderezo electrónico.....

Descrición detallada das obras: (Se para a descrición e necesario mais espazo, detallar en escrito aparte):
.....
.....
Localización: .....
Orzamento: .....

DECLARA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE que é certo o que manifesta, e , en todo caso,:

- Que se cumpren os requisitos da normativa urbanística vixente e demais lexislación sectorial aplicable.
- Que as características indicadas reflicten fielmente as obras a realizar.
- Que achega toda a documentación preceptiva.
- Que non se van a realizar obras suxeitas ao deber previo de obtención de licenza.
- Que conta coas autorizacións, sectoriais e medioambientais que resulten necesarias.
- Que se terán en conta as cláusulas establecidas na proposta do convenio subscrito entre a entidade solicitante e o concello, e en consecuencia non poderán ter simultaneamente abertos mais de 500ml. de gabia, polo que acadada esa lonxitude para poder continuar executando mais obra, previamente se pechara e repoñera adecuadamente o tramo anterior, coa conformidade dos servizos técnicos municipais. (So nas obras executadas por Gas Galicia).
- Que se respectaran os servizos municipais existentes.
- Que se repoñeran debidamente as actuais canalizacións e deixarase o pavimento en perfecto estado.
- Que respectara as condicións regulamentarias en canto a cruzamentos, proximidades e paralelismos cos outros servizos.
- Que presenta garantía suficiente para responder dos posibles danos na vía publica.
- Que presenta a comunicación previa cunha antelación mínima de quince (15) días ao da data de execución ou comezo da obra e/ou instalación.

E **COMUNICA** que iniciara as obras a partir do día..... cun prazo de execución de[1].....

Ribadavia, _____ de _____de 20____

(Sinatura)

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBADAVIA

Cláusula de protección de datos: De acordo co disposto na Lei 15/1999, informámoslle que os seus datos persoais incorporaranse nun ficheiro cuxo responsable é o Concello de Ribadavia, con domicilio en: Praza Maior, 4, 32400 Ribadavia (Ourense), onde poderá exercitar, en todo momento, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, no seu caso,o de oposición.Mediante a facilitación dos seus datos persoais vostede autoriza o seu tratamento coa finalidade de tramitar o contido da presente instancia aos efectos oportunos.

ADVÍRTESELLE QUE consonte co disposto no apartado 4 do artigo 71.bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, "a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achegue ou incorpore a unha declaración responsable ou a unha comunicación previa, ou a non presentación ante a Administración competente da declaración responsable ou da comunicación previa, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio do dereito ou da actividade afectada dende o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar. Así mesmo, a resolución da Administración Pública que declare tales circunstancias poderá determinar a obriga do interesado de restituír a situación xurídica ao momento previo ao recoñecemento ao exercicio do dereito ou ao inicio da actividade correspondente, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado, todo iso conforme aos termos establecidos nas normas sectoriais de aplicación.

(1) O prazo de inicio de obras que non estean en solo rústico, non poderá exceder de seis meses e o de terminación de un ano, non pudendo interromperse por prazo superior a dous meses. En solo rústico, os prazos correspondentes, serán 6 meses (inicio), 3 anos (remate) e 6 meses (interrupción).

DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR:

- Se o solicitante é unha persoa xurídica, a persoa que asina a petición achegará documentación acreditativa da súa representación (fotocopia da escritura pública de constitución da sociedade, poder, etc).
- Se o solicitante é unha comunidade de veciños deberá, ademais, presentar copia do acordo da comunidade de veciños autorizando a acometida das obras solicitadas.
- Proxecto técnico con descrición suficiente e detallada das características das obras achegando declaración ou certificación do/a técnico/a ou os/as técnicos/as facultativos/as que autoricen o proxecto de que este cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación, que deberá incluír como mínimo:
    a) Descrición detallada das obras.
    b) Reportaxe fotográfico previo ás obras.
    c) Orzamento desglosado da obra.
    d) Plano de situación a escala 1:500 segundo a cartografía oficial do Concello de Ribadavia.
    e) Plano de aliñamento a escala 1:200 segundo a cartografía oficial do Concello de Ribadavia.
    f) Planos da proposta.
    g) Xustificación da normativa urbanística e de obrigado cumprimento.
    h) Estudo de seguridade e saúde.
    i) Oficio de dirección de obra.

  En caso de proxectos ou oficios de dirección sen visado colexial: declaración responsable (ou certificación) do/a técnico/a dos/as técnicos/as redactores do proxecto, no que figuren os seus datos persoais e profesionais de forma que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.
- Xustificante aboamento taxas.
- Garantía (depósito en metálico ou aval) para responder dos danos na vía pública, para o cal deberá solicitarse previamente á presentación da comunicación previa, aos servizos técnicos municipais informe para a fixación da súa contía, o cal deberá aportarse xunto coa garantía.

No caso de que sexa necesario autorizacións ou informes preceptivos:

- As autorizacións e os informes sectoriais que sexan preceptivos, xunto coa manifestación expresa de que se conta con todos os necesarios para o inicio da obra ou instalación.